



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: SESIÓN 2023/10 ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE ABEGONDO VENRES 29 DE SETEMBRO DE 2023

EXPEDIENTE: 2023/G010/000010

ACTA Nº 2023/10 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE ABEGONDO VENRES 29 DE SETEMBRO DE 2023

No día de hoxe, ás 13:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Silvia Taboada Carro

Jairo Bello Vidal

Ana María García Mayo

José Cañas Otero

Blandino García Roel

Escusa a súa ausencia:

Jesús García Núñez

Secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora en réxime de acumulación

Cristina Ciudad Buitrago Rúa

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia, conséntase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**.

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 14/09/2023 que estaba pendente de aprobar, logo de que se constate que falta unha referencia na acta, queda pendente, o representante do grupo mixto BNG indica que hai varias actas pendentes. Dende secretaría indícase que hai actas que as redactou o secretario accidental, buscarase unha solución. A maiores o alcalde presidente aclara que gravaranse os plenos.

PROPOSTAS ORDINARIAS

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ADICIONAL 2/2023

EXPEDIENTE: 2023/A008/000044 - 2023/G006/000208

ASUNTO: PROPOSTA PARA A SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023

Vista a circular da Exama Diputación da Coruña para a 2º fase do Pos+adicional 2/2023, proponse:

1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	458.535,14

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
-----					-----



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

TOTAL	458.535,14				458535,14
--------------	------------	--	--	--	-----------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Aábrese o debate:

Blandino García Roel: No POS adicional dende o BNG consideramos que non é pertinente, que debe de destinarse a inversións, estradas, parques e xardíns, servizos públicos... imos votar en contra porque entendemos como grupo político no BNG que nun concello saneado debe destinarse ao obxectivo específico do POS.

Jairo Bello Vidal: ¿A qué obras irían destinadas as partidas para redes de sumidoiros?

Alcalde presidente: Fíxérona os técnicos pode ser no Asadiño e Limiñón.

Jairo Bello Vidal: A gastos correntes, que é?

Alcalde presidente: A Deputación Provincial permitiu que se puxera o gasto ordinario no POS polo endebedamento que hai en determinados Concellos. Xustificar o gasto ordinario en luz, persoal de obras e mais sinxelo e logo se farán as obras sen necesidade de que as aprobe a Deputación.

Como partido político o BNG puxo esta proposición ou a apoiou na Deputación.

Jairo Bello Vidal: Todo o financiamento que sexa apra o Concello estaremos de acordo e nos imos abster.

A continuación procédese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo
--



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro)

Abstencións: Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo e José Cañas Otero

Votos en contra: Blandino García Roel

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022

ASUNTO: PROPOSTA ALCALDÍA CONTA XERAL 2022

EXPEDIENTE: 2023/T017/000001 - 2023/G006/000196

Logo de ver o expediente que se tramita para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ao exercicio económico 2022, no que consta:

- informe favorable da Comisión Especial de Contas, de data 31 de maio de 2023.
- informe de Intervención de data 16 de maio 2023.
- anuncio de exposición pública no BOP n.º 169 do martes 5 de setembro de 2023.

A Conta Xeral comprende todas as operacións levadas a cabo durante o exercicio de referencia, tanto orzamentarias como independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería, tal como determina o artigo 208 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, co seguinte contido:

1) **BALANCE DE SITUACIÓN:** 28.433.178,03 € (activo e pasivo).

2) **CONTA DE RESULTADOS:**

- a) Ingresos de xestión ordinaria: 5.876.087,02 €
- b) Gastos de xestión ordinaria: 4.379.296,98 €
- I. Resultado (aforro) da xestión ordinaria: 1.496.790,04 €
- II. Resultado das operacións non financeiras: 1.496.790,04€
- III. Resultado das operacións financeiras: 13.996,08 €
- IV. Resultado (aforro) neto do exercicio: 1.510.786,12 €

3) **ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:**

RESULTADO ORZAMENTARIO 2022	
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. DRN por operacións correntes (cap. I a V)	5.243.203,63
b. DRN por operacións de capital (cap. VI e VII)	737.957,07
1. Total dereitos recoñecidos netos por operacións non financeiras	5.981.160,70
c. DRN por activos financeiros	0,00
d. DRN por pasivos financeiros	0,00
2. Total dereitos recoñecidos netos por operacións financeiras	0,00
Total dereitos recoñecidos	5.981.160,70
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. ORN por operacións correntes (cap. I a IV)	4.198.624,38
b. ORN por operacións de capital (cap. VI e VII)	2.112.781,33
1. Total obrigas recoñecidas netas por operacións non financeiras	6.311.405,71



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

c. ORN por activos financeiros	0,00
d. ORN por pasivos financeiros	0,00
2. Total obrigas recoñecidas netas por operacións financeiras	0,00
Total obrigas recoñecidas	6.361.405,71
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	-380.245,01
AXUSTES	
4. Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	230.990,25
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	1.136.177,08
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	758.792,52
II. TOTAL AXUSTES (3+4-5)	608.374,81
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	228.129,80

d) Memoria: completa, amplía e comenta a información contida no Balance, na Conta do resultado económico-patrimonial e no Estado de liquidación do Orzamento. Está integrada polos seguintes documentos:

1.- Organización: informa sobre a poboación oficial e cantos outros datos de carácter socioeconómico contribúan á identificación do concello de Abegondo:

- actividade principal.
- estrutura organizativa básica, nos seus niveis político e administrativo.
- número medio de empregados, tanto funcionarios como persoal laboral.
- entidades dependentes e a súa actividade
- fundacións nas que o suxeito contable forme parte
- principais fontes de financiamento e a súa importancia relativa.

2.- Xestión indirecta de servizos públicos: informa sobre os servizos públicos xestionados de forma indirecta, indicando para cada forma de xestión, seu obxecto, prazo, bens afectados, subvencións comprometidas, aportacións non diñeirarias...

3.- Bases de presentación das contas: informará principalmente sobre os principios públicos non aplicados por interferir no obxectivo da imaxe fiel e a súa incidencia nas contas anuais, así como daqueles outros principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos.

4.- Normas de valoración: indicarán os criterios contables aplicados para o cálculo das amortizacións e provisións do inmovilizado material e inmaterial; distinción entre curto e longo prazo nas inversións financeiras; débedas distinguindo entre curto e longo prazo, indicando os criterios de valoración; provisións para insolvencias, indicando o método de estimación para determinar os dereitos de difícil ou imposible recadación.

5.- Inmovilizacións materiais: informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

6.- Patrimonio público do chan: informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

7.- Inversións inmobiliarias: informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

8.- Inmobilizado intanxible: informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

9.- Arrendamentos financeiros e outras operacións similares: informará do importe polo que se teña recoñecido inicialmente o activo, indicando se se corresponde ao valor razoable, ou, no seu caso, ao valor dos pagos a realizar; descrición xeral dos acordos de arrendamento financeiro; detalle para cada un dos activos do saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

10.- Activos financeiros: ofrecerá información relacionada co balance (conciliación, reclasificación, activos entregados en garantía, correccións por deterioro de valor), información relacionada coa conta do resultado económico-patrimonial (resultado do exercicio, ingresos financeiros), información sobre os riscos do tipo de cambio e tipo de interese, e outra información que se considere relevante.

11.- Pasivos financeiros: informará sobre a situación e movemento das débedas incluíndo un estado resumen de conciliación, liñas de crédito, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de interese, avales e outras garantías concedidas.

12.- Coberturas contables: informará para cada operación á que sexa de aplicación a norma de valoración 10º dos seguintes aspectos: descrición do instrumento de cobertura, xustificación dos requisitos, valor contable ao inicio e fin de exercicio, variacións de valor do instrumento de cobertura.

13.- Activos construídos ou adquiridos para outras entidades: informará a nivel partida de Balance dos seguintes aspectos: circunstancias que dan lugar a correccións valorativas por deterioro de existencias, importe dos custos capitalizados nas obras en curso, limitacións na dispoñibilidade das obras por garantías, fianzas e outras causas, calquera outra circunstancia de relevancia que afecte á titularidade, dispoñibilidade ou valoración dos activos construídos ou adquiridos para outras entidades.

14.- Moeda estranxeira: informará do importe global, a nivel partida de balance, dos elementos do activo e pasivo denominados en moeda estranxeira, así como do importe das diferencias de cambio recoñecidas no exercicio.

15.- Transferencias subvencións e outros ingresos e gastos: informará sobre importe e características das transferencias e subvencións recibidas que sexan significativas, cumprimento das condicións para a súa percepción, criterio de imputación a resultados e importes imputados. Tamén informará sobre as subvencións e transferencias concedidas que presenten un importe significativo con respecto ó total, indicando importe, características e datos do receptor, así como a finalidade e reintegros se os houbera.

16.- Provisións e continxencias: informará para cada provisión recoñecida no balance, salvo as relativas a avais e outras garantías concedidas, do seu movemento durante o exercicio (saldo inicial, aumentos, diminucións e saldo final). Para cada continxencia, tanto de activo como de pasivo, unha breve descrición e evolución previsible.

17.- Información sobre o medio ambiente: informará sobre as obrigas recoñecidas com cargo á política de gasto 17 (medio ambiente), e dos beneficios fiscais por razóns medioambientais que afecten aos tributos propios.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

18.- Activos en estado de venta: ofrecerá unha información detallada dos mesmos cando o seu importe sexa significativo.

19.- Presentación por actividades da conta do resultado económico-patrimonial: a entidade poderá presentar a conta do resultado económico-patrimonial clasificando os gastos económicos por actividades. Os ingresos agrúpanse en ingresos de xestión ordinaria, ingresos financeiros e outros ingresos. Os gastos divídense en gastos orzamentarios, distribuídos en grupos de programas, e gastos non orzamentarios.

20.- Operacións por administración de recursos por conta doutros entes: informará das contas do subgrupo 45 (debedores e acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos) especificando as obrigas derivadas da xestión, contas correntes en efectivo, desenvolvemento da xestión (dereitos anulados e cancelados e devolucións de ingresos).

21.- Operacións non orzamentarias de tesourería: mostrará a situación e movementos das distintas contas e conceptos de operacións non orzamentarias, clasificadas nas seguintes agrupacións: debedores, acredores, partidas pendentes de aplicación (cobros), partidas pendentes de aplicación (pagos).

22.- Contratación administrativa: información, por tipos de contrato, sobre os importes adxudicados segundo os distintos procedementos previstos na normativa de contratación.

23.- Valores recibidos en depósito: informará sobre cada uno de los valores depositados, ben sexan avais ou seguros de caución recibidos.

24.- Información orzamentaria: a información a subministrar é a seguinte:

1.- exercicio corrente:

1.1. orzamento de gastos: modificacións de crédito, remanentes de crédito, acredores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento indicando a aplicación orzamentaria á que deberan imputarse.

1.2. orzamento de ingresos: proceso de xestión (dereitos anulados e cancelados, recadación neta), devolución de ingresos, compromisos de ingresos.

2.- exercicios pechados:

2.1. obrigas de orzamentos pechados (obrigas pendentes pago a 1 de xaneiro, modificacións de saldo inicial, prescricións, pagos realizados e obrigas pendentes pago a 31 de decembro)

2.2. dereitos a cobrar de orzamentos pechados (pendentes de cobro a 1 de xaneiro, modificacións do saldo inicial, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e dereitos pendentes cobro a 31 de decembro)

2.3. variación de resultados de exercicios anteriores (recole as variacións de obrigas e dereitos de orzamentos pechados que supoñan a alteración dos importes calculados como resultados orzamentarios de exercicios anteriores.

3.- exercicios posteriores:

3.1. compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores (información sobre os compromisos de gasto adquiridos durante o exercicio, así como nos precedentes, imputables a orzamentos de exercicios sucesivos)

3.2. compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores (información sobre os compromisos de ingreso concertados durante o exercicio, así como nos precedentes, que teñan repercusión en orzamentos de exercicios posteriores)

4.- execución de proxectos de gasto: información individualizada dos proxectos de gasto que estivesen en execución a 1 de xaneiro ou que se iniciasen no exercicio, indicando se contan con recursos afectados para o seu financiamento.

5.- gastos con financiamento afectado: informará para cada gasto con financiamento afectado das desviacións de financiamento imputables e acumuladas.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

6.- Remanente de tesourería:

REMANENTE DE TESOURERÍA 2022	
1. Fondos líquidos	572.867,78
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	463.576,71
2.a. de orzamento corrente	396.773,86
2.b de orzamentos pechado	49.024,78
2.c de operacións non orzamentarias	17.778,07
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	174.606,99
3.a. de orzamento corrente	47.450,97
3.b. de orzamentos pechados	325
3.c. de operacións non orzamentarias	126.831,02
4. Partidas pendentes de aplicación (4.b – 4.a)	38.808,74
4.a cobros realizados pendentes de aplicación definit	7.795,36
4.b pagos realizados pendentes de aplicación definit	46.604,10
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)	900.646,24
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	14.746,47
III. EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO (RLTGFAf)	11.971,61
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)	873.928,16

25.- Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios: informan sobre a situación financeira e orzamentaria da entidade (liquidez, endebedamento, PMP, PMC, execución do orzamento de ingresos e gastos, autonomía fiscal...)

26.- Información sobre o custo das actividades: ofrece información detallada dos custo das distintas actividades, diferenciando entre custos directos e indirectos, relación entre custos e ingresos.

27.- Indicadores de xestión: informan sobre a eficacia, eficiencia e economía na prestación dos servizos ao actividades financiadas con taxas ou precios públicos.

28.- Feitos posteriores ao peche: informan sobre circunstancias posteriores ao peche que sexan significativas e poidan incidir na avaliación das contas anuais por parte dos usuarios.

29.- Aspectos derivados da transición as novas normas contables: descrición dos axustes realizados para a apertura da contabilidade do exercicio 2022, indicando os motivos, criterios contables aplicados e diferencias cos do exercicio anterior, cuantificación do impacto no patrimonio neto dos cambios de criterio contable.

30.- Estado de conciliación: debe poñer de manifesto a correspondencia entre os saldos que se reflicten no asento de apertura da contabilidade do exercicio 2023 e os que figuren no peche da contabilidade do exercicio 2022.

31.- Balance, conta de resultado e RLT referidos ao exercicio 2022.

Proponse que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Prestar aprobación á Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ao exercicio económico de 2022, tal como preceptúa o artigo 212.4 do TRLRFL, toda vez que se cumpriu coas formalidades que ao respecto esixen os artigos precedentes do citado corpo legal.

SEGUNDO. Render conta deste acordo ao Consello de Contas da Xunta de Galicia e ao Tribunal de Contas,



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

cumprindo así co disposto no artigo 212.5 do citado TRLRFL.

Ábrese o debate:

Blandino García Roel solicita a documentación da conta xeral xa que cando se aprobou foi coa anterior corporación, a amiores indica que se van abster pero entende que cando hai superávit hai que invertilo en necesidades da veciñanza.

Hai un breve debate entre o alcalde e Jairo Bello explicando cales son as actuacións en materia de saneamento, en relación coas inversións deste punto e o punto anterior.

Aclárase unha dúbida sobre a non contabilización do PMS indicado no informe de intervección, q eu se iniciou o expediente pero non se aprobou.

A continuación procédese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado

<p>Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro,)</p> <p>Abstencións: 4 (Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero e Blandino García Roel)</p> <p>Votos en contra: 0</p>

4. RATIFICACIÓN APROBACIÓN DÍAS FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2024

EXPEDIENTE: 2023/G003/000298 - 2023/G006/000184

Mediante resolución da Alcaldía núm.418/2023 de 21.08.2023 foi aprobado o Calendario Laboral para o ano 2024 e procede a súa ratificación.

Xúntase a teor literal do texto da resolución:

“**ASUNTO:** APROBACIÓN DO CALENDARIO LABORAL ANO 2024

EXPEDIENTE: 2023/X999/000298-2023/G003/000464

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello pretende elaborar o CALENDARIO LABORAL para o ANO 2024.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo
- Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Os artigos 61.1 e 286.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, ese Concello propón establecer como festivos locais os seguintes días:

- **Martes de Entroido, 13 de febreiro de 2024**
- **San Marcos, 25 de abril de 2024**

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Establecer, como festivos locais os seguintes días: **o martes de Entroido, 13 de febreiro, e San Marcos, 25 de abril.**

SEGUNDO. Dar traslado da presente resolución aos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno, para a súa ratificación, na primeira sesión que se celebre, en cumprimento do disposto no art.42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés"

Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Ratificar a aprobación do Calendario Laboral para o ano 2024.

Non habendo debate, procédese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado

Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro, Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo, José Cañas Otero e Blandino García Roel)
Abstencións: 0
Votos en contra: 0

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

7. DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro termo dase contestación por parte do alcalde Presidente ás preguntas do pleno ordinario de data 27 de xullo de 2023:

Jairo Bello Vidal: Incidir no tema da gravación dos plenos e incidir no horario dos plenos e poder ter un buzón de suxestións para o funcionamento do Pleno, dirixido ao alcalde ou en quen delegue.

O alcalde presidente resposta que se van gravar a partir do próximo pleno, espera, que xa se contratou a gravación.

Blandino García Roel:

1- O día 19 de xuño de 2023 o Bloque Nacionalista de Abegondo rexistraba na sede electrónica do Concello unha proposta con diversas cuestións relacionadas coa celebración do 28 de Xuño "Día do Orgullo LGTBIQ+" que ia dirixida á Alcaldía, á Concellaría de Cultura, á de Asuntos Sociais e a toda a corporación incluíndo á oposición. A nosa sorpresa foi, que despois de preguntarmos a grupo do Partido Socialista se lles chegara a nosa proposta, por se eles querían engadir algo etc, respondéronnos que non tiñan recibido ningún documento o respecto. Como está mesma situación xa a vivimos os catro anos anteriores que non estivemos na corporación a nosa pregunta é: Ten o goberno local a obriga de trasladar, un documento que entra por rexistro dirixido a corporación municipal incluída a oposición, a todos e cada un dos individuos que forman este órgano de goberno representado no Pleno?

O alcalde presidente da palabra ao secretario municipal para que responda e que indica que estarán á súa disposición os correos corporativos dos concelleiros para facerlles chegar a documentación que estimen conveniente, no Rof nin no ROM hai unha disposición específica que regule esta obriga pero que dende o departamento, se se lles envía, se tramitará.

2- Neste mes varias persoas da veciñanza, xa sexa en persoa ou mesmo a través das redes sociais trasladánnos a súa preocupación polo estado en que se atopan os parques infantís do Concello. Algúns deles moi deteriorados e supoñen un perigo para as nosas crianzas, mesmo nos achegaron fotografías do estado no que se atopa o parque para crianzas cativas do Beche e que nos vimos en persoa. Presenta zonas de plástico escachado e mesmo cortante, presenta un claro deterioro debido a sol e á choiva e alén diso dubidamos que cumpra a pertinente normativa de seguridade. Neste mesmo senso a veciñanza de Montouto infórmanos de que hai varios anos que solicitaron un parque infantil para a zona do Campo da Festa en Campo do Monte mais esta petición nunca foi escoitada. Ten o goberno Local algún plan de reparación, mantemento ou mesmo substitución das áreas infantís do noso Concello para podermos garantir a máxima seguridade dos nosos nenos e nenas? Vai o goberno local a atender a demanda da veciñanza de Montouto? De sermos así en que prazo realizaría as dúas demandas anteriores?

O alcalde presidente resposta que lle da orde ao concelleiro responsable para que repase cómo están os xogos en Beche e que se comprobe se a responsabilidade é municipal ou da concesión. Alberto Seoane indica que había un proxecto para unha subvención que non a concederon e a ver se nos próximos orzamentos se pode incluír.

3- Durante xa bastantes anos somos testemuños de como a piscina do Concello perde auga constantemente, algo que vai contra calquera principio de respecto e coidado do medio natural, tamén son múltiples as queixas que nos achegan sobre a falta de espazo ao redor da piscina para poder ter un pouco de lecer e desfrute en familia. Isto, segundo nos din, obriga a moita xente a trasladarse a concellos limítrofes con mellores instalacións onde a vida coas



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

crianzas se simplifica bastante. Ten o Concello algunha solución para este mal que xa empeza a ser endémico en Abegondo cando falamos da piscina? Se é así en que prazo resolvería o problema?

O alcalde presidente resposta que se solicitou unha subvención á Secretaría xeral de Deporte e se está a buscar colaboración con outras administracións e fondos propios para un arranxo de todo o polideportivo, estea no cun gasto de 50.000€ e a pagar en tres anos, leva vertendo auga moito tempo e non se pode contar cos terreos do Centro de saúde

4- O 3 de xullo de 2023 fomos testemuñas, unha vez máis, do pésimo funcionamento das liñas de transporte público no noso Concello, tivemos queixas de varios usuarios e usarias porque a empresa Autos Rico que pertence á UTE Hercules norte quixo deixar na Coruña a parte da xente que viña cara ao noso Concello. Como había festas na contorna o Bus encheuse até o caso de teren que ir a xente de pé e moita tiña que quedar na estación a esperar o bus das 21h. Como a veciñanza non considerou isto normal protestou, ameazou con por folia de reclamacións e mesmo se estivo a punto de chamar á policía porque a empresa negaba as follas de reclamación. Ao final tiveron que fletar un segundo bus para traer a xente a Abegondo. O tema da mobilidade en Abegondo é un dos históricos cabalos de batalla do BNG no noso Concello sempre reivindicamos mais servizo, lotamos pola no supresión da liña do Garabanxa, pedimos que non se cambiaran horarios ao chou, esiximos que non se eliminaran paradas mentres o goberno local permanencia impasible. Ten pensado o goberno local contactar con mobilidade de Galicia para que busque unha solución a todos os problemas de transporte aos que se enfronta o noso Concello, vai presentar algunha proposta alternativa? Se é así en que prazo?

O alcalde presidente resposta que e pode trasladar a queixa á concesionaria pero en materia de transporte o Concello é pioneiro co sistema de taxis en relación aos servizos sociais.

5- Ao longo de todo este tempo varias persoas de Damil e Gheixade concretamente, contactaron connosco para trasladarnos os problemas que tiñan coa conexión a internet, ou era de moi mala calidade ou simplemente esta conexión non existía. Comentábanos un pai de Gheixade que durante a pandemia a súa filla non se podía conectar on-line. Andando o tempo sobemos da existencia de máis puntos negros ou zonas de sombra no que respecta a banda ancha no noso Concello como Figueroa Pequeno, a parte baixa de Leiro, algunha zona de Vilacova etc. Quen ten pensado facer o goberno do PP para que a nosa veciñanza, toda ela, teña acceso a unha conexión a internet de boa calidade propia dos tempos en que vivimos?

O alcalde presidente resposta que os veciños teñen que solicitalo e lles poñen aí unha caixa, un veciño solicitouno e se lle levou a fibra, outra cousa é o rural illado, que pode non ser posible, o mellor é solicitar un repetidor de antena xa que é moi complicado nesa zona.

6- Un pouco antes das eleccións locais de maio o BNG de Abegondo rexistrou unha proposta na que solicitaba que se dotase de auga corrente o Centro Social de Montouto, entre outras cosas. Dito documento foi completamente ignorado polo goberno do PP e o centro social de Montouto segue sen auga corrente o que impide o normal funcionamento do mesmo. Ten pensado o goberno do PP de Abegondo arranxar as deficiencias que presenta o centro social de Montouto? Se é así en que prazo sería?

O alcalde presidente resposta que é necesario un bombeo na nova concesión que se vai sacar, pero non tén moita auga e está seco moitas veces, en en Montouto é moi difícil conseguila xa que se falou coas traídas e solicitaron moitos cartos.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

7- O 25 de novembro de 2021 os veciños e veciñas de Sarandós rexistraban neste mesmo Concello unha petición número de rexistro 4547 a cal solicitaban un pasos de peóns sobreelevados na vía DP-0103 ao seu paso polo rueiro de La Calle debido a que coincide co camiño Inglés e é unha zona de moito tránsito. Parece que o Concello deulle traslado á Deputación desta petición polo que saíu no prensa no seu momento. Mais o certo e verdade é que a petición da veciñanza de Sarandós segue desatendida. Que ten pensado facer o goberno local do PP para darlle solución a petición que tratamos neste punto e en que prazo?

O alcalde presidente resposta que os veciños da asociación e por separado solicitaron esto e o trasladamos á Deputación pero non fixeron moito, nós impamos a beirarrúa.

8- Certo é que o patrimonio do noso Concello está totalmente desatendido parece que máis que un valor a descubrir, explotar, mostrar e fachendear e un atranco no camiño e nos intereses neo liberais do goberno actual. Neste contexto é que se atopa a capela de Santa Ana en Orto xa que dun tempo para acó somos testemuñas da súa posible desaparición, así vemos como xa lle caeu o campanario que se atopa dentro da capela enteiro grazas as hedras que o rodeaban, vemos, tamén como caeu o tellado da construción e como espoliaron a capela levando as pías de auga bendita de granito que había incrustadas na parede. Nun entorno fermosísimo como é a contorna do encoro de Abegondo - Cecebre esmorece o noso patrimonio sen que ninguén faga nada. Ten pensado o goberno local algunha actuación esta capela antes de que colapse e sexa moito máis difícil actuar? Se é así en que prazos?

O alcalde presidente resposta que o trasladaremos a emalcsa pero é difícil e nos xera problemas como o camiño que vai a Seixurra, pola titularidade dos bens, que son da Coruña.

Unha vez contestadas por parte do representante do BNG fanse os seguintes rogos e preguntas:

1- Alo polo 30 de Abril de 2018 aparece a primeira nova da iniciativa dos veciños e veciñas de Gheixade para recuperar a "Casilla" ou casa do Leghuevo como centro da actividade socio-cultural deste lugar de Sarandós, para isto recolleron máis dun cento de sinaturas e o Concello decidiu sumarse a iniciativa da veciñanza. De feito o señor alcalde dicía na prensa naquelas datas "Boa idea recuperar un imoble en desuso como punto de encontro veciñal". No ano 2020 o BNG rexistra un documento pedindo información sobre os trámites de cesión deste inmovible e que proxecto te pensado realizar o goberno do PP nun edificio cun incuestionábel valor arquitectónico. Para a nosa sorpresa este sería un dos tres documentos aos que contestaría o Concello do máis de medio cento que foron rexistrados na lexislatura pasada. A resposta foi que o edificio xa era de titularidade municipal pois xa tiñan a cesión por parte da Consellería de Infraestruturas e patrimonio. De feito se se consulta o inventario do futuro PXOM de Abegondo xa aparece este edificio (iso si, ubicado en Montouto e non en Sarandós como é de seu). Agora que xa van case 6 anos daquela estupenda iniciativa da veciñanza de Gheixade vemos como o inmovible segue alí vendo pasar o tempo e deteriorándose ano a ano. A xente de Gheixade non ten, despois deste tempo, o seu ansiado punto de "encontro veciñal" que dicía o noso alcalde, tampouco somos conscientes de que ten pensado o goberno do PP de Abegondo artellar neste inmovible. É por todo isto que preguntamos: Ten pensado o Concello atender as demandas da Veciñanza de Gheixade, acondicionando a Casa do Leghuevo para as actividades socioculturais que neste Lugar de Sarandós se desenvolvan?. Se é así en que prazo?.

O alcalde presidente resposta que considerabamos que era un bo sitio para algo social e aínda segue aberta a posibilidade se a veciñanza segue interesada pero no seu momento había unha proposta por un tema dun retranqueo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

e para darlle uso a unha edificación con base a unha solicitude particular, penso que agora non hai ese interese pero estamos abertos se se volve a amosar o interese.

2- Mais unha vez, e despois de volvermos a falar con xente de Montouto, temos que recuncar e traer a este pleno a necesidade de que se dote de auga corrente o centro social de Montouto pois vemos que este problema se esta enquistando se que o goberno do PP faga nada por solucionalo, parece que dá o mesmo que a veciñanza se queixe ou que un grupo político como o BNG rexistre documento pedindo o seu arranxo, ou mesmo que o problema se traslade á prensa. O certo e verdade é que o centro social de Montouto segue sen auga e isto impide o normal funcionamento das, xa poucas, actividades que nel se desenvolven. Ten pensado o Goberno do PP arranxar esta carencia de auga no centro social de Montouto? Se é así en que prazo?

O alcalde presidente resposta que si que ten pensado arranxalo, que é necesario un bombeo na nova concesión que se vai sacar, pero non tén moita auga e está seco moitas veces, en en Montouto é moi difícil conseguila xa que se falou coas traídas e solicitaron moitos cartos.

3- Recollemos neste punto unha apreciación que nos fixo unha condutora que traballa habitualmente na zona de Abegondo. Alértanos da cantidade de matogueira que hai nas beirarrúas da estrada AC 542 dende un pouco máis adiante do comercio de Grela en dirección a rotonda de Mabegondo, isto obriga, en ocasións a que os peóns se vexan obrigados a invadir a estrada cando fan os seus paseos habituais e é por isto que preguntamos: Podería o Concello comunicarlle á Xunta a necesidade de manter limpas as beiravías para garantir un pouco máis a seguridade da nosa veciñanza? 4-Ten pensado o goberno do PP en Abegondo informar ao resto da corporación municipal de cales foron as fincas que se compraron para o Polígono Eco-agrario, cal vai a ser o seu uso, a canto ascende o invertido nelas etc? Ou teremos que acudir á prensa cada vez que queiramos algunha información deste tipo como aconteceu co uso da parcela que vai ser destinada para á cooperativa de maiores e que por máis que se preguntou no pleno cal ia a ser o seu uso o goberno nunca respondeu.

O alcalde presidente resposta que xa está arranxado.

Jairo Bello Vidal solicita que se aclare o tema dun decreto de alcaldía dunha desafectación do Adro.

Responde o Secretario que se trata dun tema derivado da obtención dos terreos para a praza do Adro no que non había a dispoñibilidade e se falou cos veciños e conveniouse a adquisición ou eliminación do precario a cambio de ceder os garaxes e mover un hórreo... Como o subsolo non se podía destinar a propiedade privada por ser dominio público o Concello cambiou o acordo por concesión, xudicialmente foi anulado este acordo e hai que retomar a entrega en propiedade do pactado e por iso faie a desafectación do subsolo, para cumprir co pactado e a sentenza xudicial.

Ás 14:37 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.